

4.—Unha vez acordada e notificada a súa devolución e transcorridos dous meses sen que o titular recupere o obxecto, procederase a súa destrución, ou se entregará gratuitamente a entidades sen ánimo de lucro con finalidades sociais.”

Salvaterra de Miño, a 5 de xuño de 2014.—O Alcalde, Arturo Grandal Vaqueiro.

2014005306

* * *

T U I

A N U N C I O

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA SOBRE A REGULACIÓN DO TRÁFICO NO CONXUNTO HISTORICO DE TUI.

O Pleno da Corporación Municipal, aprobou inicialmente, con data 28 de novembro de 2013, a “ Ordenanza sobre regulación do tráfico no Conxunto Historico de Tui”, publicada no BOP, nº 243 de data 19 de decembro de 2013, para a súa exposición pública polo prazo de trinta días para a presentación de alegacións .Durante o período de exposición ao público presentáronse alegacións, reclamacións e suxerencias, sendo estas resoltas polo concello Pleno, en sesión ordinaria de data 29 de maio de 2014 e de conformidade co artigo 49 da lei de Bases de Réxime local, procedese a publicación definitiva o texto íntegro e anexo I e II a mesma.

ORDENANZA SOBRE A REGULACION DO TRÁFICO NO CONXUNTO HISTORICO DE TUI

EXPOSICION DE MOTIVOS

O conxunto histórico da cidade de Tui, declarado Ben de Interese Cultural no ano 1968, conforma un espazo referencial da nosa localidade. O amplo conxunto de monumentos conservados no seu interior, o singular encanto das rúas e prazas de configuran esta zona patrimonial dotan a esta ámbito cidadán dun importante valor tanto para os tudenses como para os numerosos visitantes que se achegan ata este enclave.

As vellas rúas tudenses conservan o seu trazado de época medieval e conforman un espazo histórico realmente privilexiado. O progreso levou aparelado o tráfico de vehículos que superou a capacidade dunha cidade concibida con outros parámetros na medida do home; os vehículos desprazaron ás persoas usurpando o espazo, convertendo a rúas e prazas en lugar de estacionamento e na procura dunha maior comodidade dos residentes privaron a estes espazos da súa función primordial de encontro das persoas.

A conservación deste conxunto histórico é responsabilidade do Concello de Tui que na actualidade esta culminando o proceso de aprobación do Plan Especial de Protección do Conxunto Histórico. Este instrumentos de planificación ten a misión de preservar este legado patrimonial nas mellores condicións.

Neste mesmo proceso se enmarca a vontade do Concello ao proceder á peonalización deste conxunto histórico co obxectivo de lograr a diminución do ruído, da contaminación ambiental, o reforzamento das posibilidades turísticos e comerciais, a habitabilidade, a sostenibilidade e a recuperación do peón como elemento esencial da identidade urbana.

A valorización deste espazo urbano implica medidas de conservación e promoción para lograr a súa dinamización e a súa consideración como un ámbito privilexiado de contemplación artística, de convivencia, de encontro entre veciños, de vida en común.

Para lograr este obxectivos resulta imprescindible a peonalización deste conxunto histórico que pretende mellorar a calidade de vida dos veciños residentes neste ámbito urbano asi como favorecer o desenvolvemento comercial das áreas afectadas. Ao tempo se regula o tráfico e o estacionamento no resto do ámbito urbano do conxunto histórico de Tui para lograr unha maior racionalidade no uso dos vehículos e priorizar neste espazo aos peóns

CAPÍTULO I
COMPETENCIA, OBXECTIVOS, ÁREA AFECTADA

Art. 1. – COMPETENCIAS:

Naquelas materias non regulamentadas expresamente nesta Ordenanza, ou que regule a autoridade municipal en virtude das súas competencias, aplicarase o Texto Articulado de la Ley sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial, aprobado por Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo, os seus regulamentos de desenvolvemento e demais normativa de carácter xeral que as substitúan.

Art. 2. – OBXECTIVOS:

A presente Ordenanza, ten como obxectivos:

- a) Restrinxir o tráfico rodado nas rúas da denominada zona “Conxunto Histórico - Intramuros”, recollidas no artigo 3.a coa finalidade de promover a conservación deste espazo, preservar de contaminación ambiental este ámbito patrimonial e devolverse a súa consideración de lugar de encontro e convivencia cidadá, coas limitacións determinadas na presente ordenanza e nas que en todo caso resulta privilexiado o tráfico peonil.
- b) Restrinxir e, no seu caso, suprimir o estacionamento no resto das vías do Conxunto Histórico, enumeradas no artigo 3.b, ao obxecto de reservar prazas de estacionamento en Zona Verde nas condicións regulamentadas na presente ordenanza.

Art. 3. – AREA AFECTADA:

A área que se encontra afectada pola regulación especial de tráfico é o ámbito do Conxunto Histórico, con especial incidencia na zona denominada “Intramuros” e cuxo plano se achega á presente Ordenanza como “ANEXO I”, comprende as seguintes rúas:

- a) Zona Intramuros (restrición do tráfico rodado)
 - Rúa Cuenca
 - Rúa Pracer
 - Rúa San Telmo
 - Rúa Bispo Castañón
 - Rúa Sanz
 - Rúa Porta da Pía
 - Rúa Seijas
 - Rúa Párroco Manuel Rodríguez Vázquez
 - Rúa das Monxas
 - Rúa Entrefornos
 - Rúa Ouro
 - Rúa Miñoteira
 - Piñeiro
 - Praza da Armada
 - Praza da Estrela
 - Praza do Pracer
 - Praza da Misericordia
 - Praza do Concello
 - Praza de San Fernando
 - Praza de Frómista
- b) Rúas con estacionamento restrinxido ou suprimido:
 - Rúa Tyde : supresión do estacionamento
 - Rúa Bispo Lago : restricción do estacionamento, Zona Verde)
 - Rúa Antero Rubín (entre a Praza da Armada e a Baixada ao Embarcadoiro): supresión do estacionamento
 - Rúa Ordoñez (entre o Cantón de Diomedes e a confluencia co Paseo de Calvo Sotelo): restricción do estacionamento, Zona Verde.
 - Cantón de Diomedes: restricción de estacionamento, Zona Verde.
 - Praza da Armada (supresión do estacionamento)

- c) Rúas do Conxunto Histórico afectadas pola ORA
- Paseo de Calvo Sotelo
 - Rúa Augusto G. Besada
 - Rúa do Foxo
 - Travesía do Foxo
 - Rúa Rosa Bahamonde

CAPÍTULO II ACCESOS (LUGARES E DISTINTIVOS)

Art. 4: SINALIZACIÓN:

Todos os accesos á área denominada Intramuros contarán cun semáforo e unha sinal de circulación e estacionamento prohibidos agás aos vehículos que posúan autorización e teñan o preceptivo distintivo identificativo, así como aqueles outros casos contemplados na presente ordenanza.

Amais acompañada polo sinal de precaución picona e polo sinal de indicación xeral S-28 que indica:

1. Que a velocidade máxima de los vehículos é de 20 Km./h
2. Que os condutores deben conceder prioridade aos peóns.
3. Que os peóns poden utilizar toda a zona de circulación.
4. Que os xogos están autorizados en tanto non perturben a circulación de peóns ou vehículos.

Art. 5.—LUGARES DE ACCESO:

O acceso ao Conxunto Histórico – zona Intramuros realizarase exclusivamente a través das piconas mecánicas de acceso sitas nos seguintes lugares:

- a.—Porta da Pía
- b.—Rúa subida ao Piñeiro.
- c.—Rúa Cuenca (na confluencia coa Praza da Armada)
- d.—Praza da Armada (en dirección á rúa Pracer)
- e.—Rúa San Telmo no 1

A maiores na Travesía do Piñeiro estará instalada unha picona manual.

Os usuarios accederán sempre polo lugar mais próximo ao seu domicilio ou negocio e sairán igualmente polo acceso mais próximo, respectando as indicacións e sinalizacións viarias.

No ANEXO que se contén ao final da presente ordenanza se reflicten os itinerarios da circulación interior. O establecido no parágrafo anterior, é extensible tamén aos vehículos de emerxencia, transporte público, limpeza e usuarios que debidamente acreditados estean autorizados para circular.

Art. 6.—ACCESO DE VEHÍCULOS AO CONXUNTO HISTÓRICO:

Para o acceso de vehículos a Casco Histórico – zona Intramuros, establécense dúas modalidades:

- a/ a través dunha chamada perdida polo teléfono móbil autorizado de cada usuario.
- b/ a través dun dispositivo inarámico.

Os vehículos que accedan deberán contar cun distintivo no que constará a matrícula do vehículo autorizado e o seu período de validez, e que individualiza o dereito de acceso nas condicións determinadas na autorización administrativa concedida a cada titular segundo sexa este residente, propietario ou teña un negocio na zona ou preste un servizo urxente ou imprescindible á comunidade. É obrigatorio para o seu titular, a notificación a este Concello do cambio do vehículo autorizado, así como, se fose o caso, a devolución da etiqueta e/ou dispositivo no suposto de modificación das condicións que no seu momento serviron de base para a súa autorización.

Ademais deste réxime xeral, se posibilitará o acceso polas modalidades establecidas ás persoas residentes ou familiares ou cuidadores autorizados neste ámbito do conxunto histórico – Intramuros que precisen dun desprazamento en vehículo polas súas circunstancias persoais (enfermidade, discapacidade, ancianidade, etc.). Precisarán un informe dos servizos sociais do Concello.

Art. 7.—DISPOSITIVOS INARÁMICOS:

O acceso dos vehículos á área Intramuros, se poderá realizar a través dun dispositivo inarámico. Aos veciños que o soliciten se lles instalará de xeito gratuito o software de codificación e claves nun mando a distancia que deben aportar ao efecto e que deberá cumprir as condicións fixadas polo concello.

Art. 8.—DISTINTIVOS PARA OS PARABRISAS DOS VEHÍCULOS:

Todos os vehículos, agás nos supostos especiais regulamentados na presente ordenanza, que accedan ao conxunto histórico – zona Intramuros, por calquera das causas previstas nesta Ordenanza, terán que encontrarse identificados mediante o correspondente distintivo, segundo modelo que aprobará este Concello a través desta Ordenanza, e que deberá exhibirse obrigatoriamente no parabrisas dianteiro do vehículo autorizado, de forma visible desde o exterior. Os distintivos serán concedidos cada dous anos por Resolución da Alcaldía, previa solicitude presentada no rexistro de entrada do Concello de Tui á que haberán de acompañarse os documentos que seguidamente se detallan en función do tipo de distintivo na primeira solicitude, existindo as seguintes modalidades:

A.— Residentes: Concederanse a aquelas persoas físicas empadroadas na área do Conxunto Histórico-Intramuros e propietarias de vehículo cuxo imposto de vehículos de tracción mecánica esté expedido polo Concello de Tui e abonado diante a Tesourería do mesmo e que residan habitualmente, e para todos os vehículos de uso o servizo particular dos que sexan titulares. O distintivo posúe o símbolo “R” sobre cor verde, e permite o acceso á área que nos ocupa polas entradas máis próximas a súa residencia sen ningunha limitación de días ou de horario. Permite o estacionamento nás áreas definidas a tal efecto coma Zona verde sen ningunha limitación de días ou de horario.

O seu período de validez terá carácter bianual, debendo acompañar á primeira solicitude, os seguintes documentos:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia do Permiso de Circulación dos vehículos para os que se solicite tal autorización.
- Número de teléfono móbil no caso que opte polo sistema de acceso de chamada telefónica habilitada.

B.— Titulares de establecementos: Concederanse aos titulares de establecementos abertos ao público na área do Casco Histórico - Intramuros, que estean dados de alta no Padrón de Impostos de Actividades económicas deste municipio, para un único vehículo. O distintivo terá o símbolo “E”, sobre fondo vermello, e permite o acceso a unha zona próxima ao seu establecemento para realizar pequenas operacións de carga e descarga en horario comercial por un tempo máximo de 30 minutos. Este distintivo non permite estacionar nas prazas de Zona Verde.

O seu período de vixencia será igualmente bianual, debendo acompañar á primeira solicitude os seguintes documentos:

- Fotocopia do D.N.I. ou N.I.F.
- Fotocopia do Permiso de Circulación do vehículo para o que se solicita.
- Número de teléfono móbil no caso que opte polo sistema de acceso de chamada telefónica habilitada

C.— Veciños das rúas de estacionamento habilitadas exclusivamente para residentes (zona verde): Concederáanse a aquelas persoas físicas empadroadas nas rúas afectadas pola zona de estacionamento exclusivo de residentes (zona verde), sinalada no art. 16.1 desta ordenanza (rúas Bispo Lago, Ordoñez, Cantón de Diómedes, Piñeiro e rúa Martínez Padin, entre baixada ao Arrabal e Avda de Portugal).

Esta autorización abrangue aos vehículos de uso o servizo particular dos que sexan titulares. O distintivo posúe o símbolo “RE”, sobre fondo verde, e permite o estacionamento nás áreas definidas a tal efecto coma Zona verde sen ningunha limitación de días ou de horario.

O seu período de validez será de carácter bianual, debendo acompañar á primeira solicitude os seguintes documentos:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia do Permiso de Circulación dos vehículos para os que se solicite tal autorización.

D Servizos. Concédese aos familiares ou persoas que prestan asistencia a maiores ou dependentes, e outras situacións suficientemente acreditadas no ámbito desta ordenanza reguladas no seu artigo 12.

E. Propietarios de inmovible ou garaxe non residentes. O distintivo posúe o símbolo “P” con fondo azul. Este distintivo permite o acceso á área que nos ocupa polas entradas máis próximas a súa propiedade sen ningunha limitación de días ou de horario. Non permite o estacionamento nas áreas determinadas coma zona verde reservadas para residentes da zona intramuros (distintivo R) e veciños das rúas afectadas (distintivo RE).

O seu período de validez será de carácter bianual, debendo acompañar á primeira solicitude os seguintes documentos:

- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia do Permiso de Circulación dos vehículos para os que se solicite tal autorización.
- Acreditación da titularidade da vivenda ou garaxe.

CAPÍTULO III SUPOSTOS ESPECIAIS

Art. 9.—CARGA E DESCARGA DE SUBMINISTROS:

Carga e descarga de subministros. Entendida esta como a acción de trasladar unhas mercancías dende un vehículo comercial a un establecemento ou outro inmovible e viceversa, nesta zona intramuros levarase a cabo mediante vehículos de mercancías de menos de 5.5 T. (M.M.A) en horario de 8:00 a 10:00 con estrita observancia destas normas:

- a. O vehículo se estacionará impedindo en todo momento a produción de perturbacións ao resto de usuarios.
- b. As mercancías se cargarán e descargarán polo lado do vehículo máis próximo ao establecemento ou inmovible de destino
- c. A carga e descarga efetuarase co máximo coidado, procurando evitar ruídos e calquera outra molestia aos veciños, aos peóns ou a outros usuarios da vía pública.
- d. As operacións de carga e descarga se efectuarán coa maior celeridade.
- e. No caso de desenrolarse obras de construción ou rehabilitación será necesario para obter a autorización de acceso aportar a licenza de obras correspondente.
- f. O acceso será autorizado mediante chamada a Policía Local na que identificarse o servizo e vehículo de xeito que sexa perfectamente xustificada a súa necesidade.

Excepcionalmente poderá autorizarse realizar a carga e descarga en horarios diferentes e con vehículos de distinta M.M.A cando sexa estritamente necesario polas características da actividade (servizos de subministros de gas butano, reparto domiciliario de supermercados, etc) e coa debida xustificación da súa necesidade.

ARTIGO 10.—TAXIS:

Os vehículos destinados ao servizo de Auto-Taxi poderán acceder ao Conxunto Histórico - Intramuros para realizar a actividade propia do servizo público, estando unicamente autorizada a parada polo tempo estritamente necesario para a subida e baixada dos pasaxeiros e as súas mercancías. Fica prohibido o acceso á zona peatonal para acortar percorridos sen efectuar subida ou baixada de pasaxeiros. O seu acceso se efectuará mediante chamada á policía local, sen embargo, no caso de que sexa preciso un servizo continuado suficientemente xustificado poderá serlle concedido unha autorización de acceso temporal.

ARTIGO 11.—TRATAMENTO DOS ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS:

Por parte do Concello de Tui, poderán ser concedidas autorizacións a aqueles establecementos hoteleiros que así o demanden por motivos debidamente xustificadas de necesidade nos seus servizos, a fin de que, mediante o procedemento oportuno, se facilite o acceso de vehículos aos exclusivos fins de carga e descarga dos usuarios e do seu equipaxe.

Art. 12.—ACCESO DE VEHÍCULOS PERTENCENTES A FAMILIARES OU PERSOAS QUE PRESTAN ASISTENCIA A PERSOAS MAIORES OU DEPENDENTES.

Os familiares ou persoas que prestan asistencia a maiores ou dependentes, residentes estes últimos na zona intramuros poderán solicitar un distintivo de fondo amarelo coa letra S maiúscula, que lles permitirá o acceso á súa vivenda nas condicións dos demais veciños, sen opción de estacionamento nas áreas definidas coma Zona Verde. Esta autorización requirirá a presentación da seguinte documentación:

- Nome, apelidos e DNI da persoa maior ou dependente
- Informe dos servizos sociais ou informe médico
- DNI do solicitante que realizará o servizo de asistencia
- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o que se solicite a autorización.

O límite de vehículos autorizados por persoa maior beneficiaria será de dous salvo casos excepcionais que serán autorizados individualmente previa solicitude razonada.

ARTIGO 13.—ACCESO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE:

No suposto de persoas discapacitadas, que ben por razón da súa residencia, ben por razón do seu traballo, precisen acceder á vivenda de residencia xa ao seu centro de traballo mediante vehículo e non se encontren incluídos en ningún dos supostos anteriormente regulados, previa petición do interesado na que xustifique debidamente tal necesidade, facilitarase, no seu caso, xunto co correspondente dispositivo inarámico de acceso, un distintivo específico, que deberá ser exhibido obrigatoriamente no parabrisas dianteiro do vehículo autorizado a tal fin de forma visible desde o exterior, segundo modelo aprobado por este Concello. Este distintivo portará as letras “S” sobre fondo amarelo.

O seu período de validez será o recollido no mesmo, e á solicitude haberá de acompañarse os seguintes documentos:

- Volante de empadramento.
- Contrato de traballo no suposto de que os motivos da solicitude sexan laborais.
- Certificado de mobilidade reducida expedido polo órgano competente.
- Dúas fotografías.
- Fotocopia do D.N.I. do solicitante.
- Fotocopia do permiso de circulación do vehículo para o que se solicite a autorización.
- Número de teléfono móbil no caso que opte polo sistema de acceso de chamada telefónica habilitada

ARTIGO 14.—PERMISOS ESPECIAIS:

Polo que as zonas de restrición ao tráfico se refire, enumeradas no art. 2 da presente Ordenanza, se poderá conceder autorización expresa para circular en supostos como:

- Acceso para celebracións relixiosas, tales como vodas, etc..
- Eventos de tipo lúdico, festivo ou cultural, tales como exposicións, feiras, etc.

Nestes casos, a concesión do permiso estará supeditada á correspondente autorización logo de presentar unha solicitude razoada por Rexistro de Entrada. Non se autoriza, agás nos casos recollidos neste artigo e aos peregrinos -que porten a súa correspondente credencial-, a circulación a cabalo polo Conxunto Histórico.

**CAPÍTULO IV
ESTACIONAMENTO****ARTIGO 15.—ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS:**

A tarxeta de autorización de acceso da dereito a entrar na zona de Conxunto Histórico, Intramuros, pero non a estacionar o vehículo durante un tempo superior a 15 minutos, coas seguintes excepcións:

- 1.—Vehículos destinados á atención de emerxencias e durante as mesmas
- 2.—Vehículos das distintas Administracións Públicas destinados á prestación de servizos públicos e empresas privadas dedicadas á prestación de servizos esenciais para a comunidade, namentres dure a situación que haxa provocado a intervención
- 3.—Vehículos dedicados profesionalmente á carga e descarga de mercancías nos horarios establecidos.
- 4.—Os propietarios de establecementos autorizados que estarán suxeitos ás limitacións indicadas no art.8, aptdo. B

ARTIGO 16. ZONAS DE ESTACIONAMENTO:

Establécense as seguintes áreas de estacionamento:

1.—Para facilitar o estacionamento habilitaranse áreas de estacionamento nas seguintes rúas como zonas de estacionamento exclusivo de residentes (zona verde):

- Piñeiro (Traseira do edificio Beiramiño)
- Bispo Lago
- Rúa Órdoñez (dende o Cantón de Diómedes ata a confluencia co Paseo Calvo Sotelo)
- Cantón de Diomedes
- Martínez Padín (dende intersección co Arrabal ata Avda de Portugal)
- Paseo Fluvial

2.—Nas seguintes rúas seguirá en aplicación a ORA

- Paseo de Calvo Sotelo
- Rúa Rosa Bahamonde
- Rúa Foxo
- Rúa Travesía do Foxo
- Rúa Augusto G. Besada

Dadas as peculiares características da rúa Tyde e a rúa Antero Rubín (entre a Praza da Armada e a rúa Baixada ao Embarcadoiro) para lograr o cumprimento dos obxectivos desta ordenanza que prima aos peóns sobre os vehículos se establece a prohibición de estacionamento nestas rúas, nas que poderase habilitar unha zona de carga e descarga convintemente sinalizada.

ARTIGO 17.—USO DE MEDIOS PARA O CONTROL DO TEMPO DE ESTACIONAMENTO:

O Concello de Tui reservase o dereito de aplicar sistemas para o control da estadía dos vehículos mediante pegatinas identificativas, tickets de estacionamento limitado ou calquera outro sistema que resulte adecuado á finalidade perseguida e o interese público.

**CAPÍTULO V
RÉXIME SANCIONADOR:****ARTIGO 18.—INFRACCIONS:**

As accións ou omisións que contraveñan a presente Ordenanza, constitúen infraccións administrativas, e serán sancionadas con arranxo ao disposto na Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e restante normativa de particular aplicación, sen prexuízo do establecido no presente capítulo.

ARTIGO 19. – CLASIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNS:

As infraccións ás que se refire o artigo anterior, clasifícanse en moi graves, graves e leves.

1. – Terán a consideración de leves, as seguintes:

- a. – Uso inapropiado do dispositivo inarámico.
- b. – Non devolución do dispositivo inarámico no suposto de modificación das condicións nas que foi concedida.
- c. – Uso inapropiado do distintivo, permiso ou autorización concedido e obxecto de regulación pola presente Ordenanza.
- d. – Acceso á área obxecto de regulación con distintivo, permiso ou autorización caducada.
- e. – Non exhibir o distintivo, permiso ou autorización concedida ao efecto, de forma visible no vehículo para o que se concede.
- f. – Realización das tarefas de carga e descarga ao marxe das condicións sinaladas pola presente Ordenanza.

2. – Terán a consideración de graves, as seguintes:

- a. – O acceso á área afectada valéndose de dispositivo inarámico distinto ao autorizado.
 - b. – Alteración ou manipulación dos distintivos tipos de distintivos, permisos ou autorizacións concedidos e regulados na presente Ordenanza.
 - c. – Utilización indebida de calquera tipo de distintivo, permiso ou autorización concedido e regulado na presente Ordenanza.
 - d. – Utilización do distintivo, permiso ou autorización dos regulados na presente ordenanza por vehículo distinto ao autorizado e como tal reflectido no mesmo.
 - e. – Cesión do distintivo, permiso ou autorización dos regulados na presente ordenanza co fin de ser utilizado en vehículo distinto ao autorizado
 - f. – A utilización dolosa ou negligente de distintivo, permiso ou autorización dos regulados na presente Ordenanza para fins distintos aos autorizados.
 - g. – Ser sancionado pola comisión de dúas ou máis faltas das cualificadas como leves.
3. – Terán a consideración de moi graves as seguintes:
- a. – A falsificación dos distintos tipos de distintivos, permisos ou autorizacións regulados na presente Ordenanza.
 - b. – A alteración ou manipulación dos documentos requiridos para a concesión dos distintos tipos de distintivos, permisos ou autorizacións regulados na presente Ordenanza sen cuxo concurso non se concedería tal autorización.
 - c. – Ser sancionado pola comisión de dúas ou máis faltas das cualificadas como graves.

ARTIGO 20. – SANCIÓN:

As infraccións leves serán sancionadas con multa de ata 750 Euros, as graves con multa de 751 Euros a 1.500 Euros, e as moi graves de 1.501 Euros a 3.000 Euros.

Con independencia das sancións pecuniarias anteriormente sinaladas, a comisión das condutas cualificadas como de infracción polo artigo anterior, poderá ser sancionada coa retirada do distintivo, permiso ou autorización ao efecto concedido, por un período de ata seis meses no suposto de infraccións leves e de ata un ano no suposto das cualificadas como graves e moi graves, chegando a ser esta retirada definitiva no caso de falsificación do citado permiso, distintivo ou autorización concedido, ou reiteración nas condutas descritas.

ARTIGO 21. – PERSOAS RESPONSABLES:

A responsabilidade das infraccións ao disposto na presente Ordenanza, recaerá directamente no autor ou autores da acción ou omisión en que consista a infracción, mesmo cando se cometeu a título de simple inobservancia. Así mesmo será responsable, e en consecuencia obxecto de sanción, o titular do distintivo ou autorización concedida, polo uso indebido do mesmo que un terceiro puidese realizar.

Cando o cumprimento dos deberes e obrigacións previstos nesta norma incumba conxuntamente a varias persoas, estas responderán solidariamente das infraccións que se cometan e as sancións que no seu caso se imponhan.

ANEXO 1: MODELOS DE DISTINTIVOS

ORDENANZA SOBRE REGULACIÓN DO TRAFICO NO CONXUNTO HISTÓRICO DE TUI

ANEXO I.- MODELOS DE DISTINTIVOS

SITUACIONES:

P. - PROPIETARIOS

R. - RESIDENTES.

E. - TITULARES DE ESTABLECEMENTOS.

RE. - RESIDENTES NA RÚAS DE ESTACIONAMENTO HABILITADAS EXCLUSIVAMENTE PARA RESIDENTES.

S. - SERVIZOS

PLAN DE PEONALIZACIÓN DO
CONXUNTO HISTORICO DE TUI

MATRICULA:

0000 ABCNº DISTINTIVO/
FECHA CADUCIDAD:**0000 - 00/00/2014**PLAN DE PEONALIZACIÓN DO
CONXUNTO HISTORICO DE TUI

MATRICULA:

0000 ABCNº DISTINTIVO/
FECHA CADUCIDAD:**0000 - 00/00/2014**PLAN DE PEONALIZACIÓN DO
CONXUNTO HISTORICO DE TUI

MATRICULA:

0000 ABCNº DISTINTIVO/
FECHA CADUCIDAD:**0000 - 00/00/2014**PLAN DE PEONALIZACIÓN DO
CONXUNTO HISTORICO DE TUI


MATRICULA:

0000 ABCNº DISTINTIVO/
FECHA CADUCIDAD:**0000 - 00/00/2014**PLAN DE PEONALIZACIÓN DO
CONXUNTO HISTORICO DE TUI

MATRICULA:

0000 ABCNº DISTINTIVO/
FECHA CADUCIDAD:**0000 - 00/00/2014**

ANEXO 2: PLANO DE ACCESOS, ESTACIONAMENTO E DIRECCIÓN



Tui, a 11 de Xuño de 2014.—O Alcalde, Moisés Rodríguez Pérez.

2014005589